



ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

Este Concello conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.o) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por prestación do servizo de Escolas Deportivas Municipais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do Real Decreto citado.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible deste tributo, a prestación polo Concello dos servizos do ensino deportivo nas Escolas Deportivas Municipais de Foz.

Artigo 3.- Devengo

A taxa considerarase devengada, nacente a obriga de contribuír coa iniciación da prestación do servizo, que será no momento en que se formalice a correspondente matrícula ou no momento en que se solicite a utilización dos servizos de acordo coas normas reguladoras dos mesmos.

Artigo 4.- Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten o servizo de Escolas Deportivas Municipais.

Artigo 5.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e liquidadores de sociedades e entidades, adquirentes de bens afectos por lei ao pago da débeda tributaria e as persoas ou entidades que contraten ou subcontraten a execución das obras ou a prestación de servizos correspondentes á súa actividade económica principal, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 6.- Tarifas

A contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

Matrícula mensual nas E.M.D. 15,00€

Dita matrícula dará dereito ao a participar en todas as actividades que integren as devanditas escolas deportivas.

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC

Artigo 7.- Exencións e bonificacións

Non se poderán recoñecer outras exencións na presente taxa que as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas dos tratados internacionais.

Non obstante, a matrícula do segundo fillo dunha mesma familia en disciplinas ou actividades das escolas municipais deportivas, levará aparellada unha bonificación do 50 por 100 da cota. Para o terceiro e sucesivos a bonificación será do 100 por 100 de la cota

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.